



01.08.2011

A APDR ESTUDIA DENUNCIAR A ENCE POLO SUCEDIDO O SÁBADO

Na mañá do pasado sábado día 30, arredor das 10 e por un espacio dunhas dúas horas, púidose observar desde a práctica totalidade da cidade de Pontevedra e desde algunha outra localidade da Ría unha intensa fumareda negra que, procedente dunha das chemineas da CELULOSA, cubriu boa parte do ceo e causou alarma entre a poboación veciña. Foron varias as persoas que se puxeron en contacto coa nosa asociación e mesmo as que facilitaron fotografías da intensa columna de fume.

Como ven sendo habitual, as explicacións dadas desde a empresa foron contradictorias e producíronse sempre como resposta ás preguntas dos medios de comunicación. De feito, aínda hoxe descoñecemos se o sucedido foi consecuencia da falta de subministro eléctrico na planta de Lourizán ou tivo que ver coa existencia dun problema doutra índole. Descoñecemos tamén o alcance do problema e as consecuencias que a contaminación provocada puido ter sobre a poboación e o medio ambiente.

Con independencia do alcance que puidera ter este feito concreto, o acontecido este fin de semana pon de manifesto mais unha vez a situación de indefensión á que está sometida a poboación na nosa comarca pola presenza do complexo CELULOSAS-ELNOSA en Lourizán e reforza a posición maioritaria na comarca que esixe a eliminación dunha vez por todas deste foco contaminante da nosa Ría.

Para a Asociación Pola Defensa da Ría, que está a valorar a posibilidade de denunciar o sucedido pola vía xudicial, este feito ven a corroborar que a fábrica de ENCE –e o complexo industrial de Lourizán na súa totalidade- ten que abandonar o seu actual emprazamento con anterioridade e avala a solicitude (apoiada por milleiros de cidadáns e cidadás) á Xunta de Galicia para que non lle renove a Autorización Ambiental Integrada.

Pola Xunta Directiva da APDR,

Asdo.: Antón Masa